

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que a compoñen.	Define paisaxe e identifica os elementos da paisaxe describindo as súas características principais.
Identificar as consecuencias da acción humana sobre a paisaxe natural.	Describe de maneira sinxela as modificacións que sofren as paisaxes pola acción humana.
Identificar as semellanzas e diferenzas entre paisaxe natural e humanizada.	Recoñece os elementos básicos dunha paisaxe natural e dunha paisaxe humanizada.
Identificar as semellanzas e diferenzas entre paisaxe de interior e de costa.	Recoñece as diferentes formas e elementos que ten unha paisaxe de interior e unha paisaxe de costa.
Explicar que é un espazo protexido.	Identifica e explica as características dos espazos protexidos e as normas de seguridade que se deben seguir neles.
Utilizar ,de maneira guiada, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información, aprender e expresar contidos sobre os temas estudados.	Utiliza, con axuda, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
Comprender a organización social do seu contorno próximo (barrio, localidade, municipio...)	Explica que é unha localidade, mostrando interese polo coñecemento da súa.
Coñecer de maneira sinxela, as funcións de diversos organismos e a importancia da participación cidadá.	Identifica as responsabilidades e algunhas tarefas das institucións locais.
Recoñecer diferentes manifestacións culturais e as obras máis representativas do patrimonio artístico, cultural e histórico da súa localidade.	Valora e respecta o patrimonio artístico, histórico e cultural. E asume a responsabilidade que supón a súa conservación.
Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debe recoñecer un peón valorando a importancia da mobilidade na vida cotiá.	Identifica, coñece e interpreta os sinais de tráfico máis comúns e valora as normas de seguridade viaria.

Valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos.	Recoñece o importante que é seguir as normas da localidade para manter unha boa convivencia cos veciños.
Describir os traballos das persoas do seu contorno e identificar as profesións co tipo de traballo que realizan.	Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que dan servizox.
Explicar as diferenzas entre materias primas e produtos elaborados.	Identifica e define materia prima e produto elaborado e asóciaos coas actividades nas que se obteñen.
Recoñecer as características dos medios de comunicación de masas identificando o papel dos medios na vida cotiá.	Enumera distintos medios de comunicación interpersoais e de masas.
Diferenciar a publicidade consumista e a educativa.	Recoñece diferentes anuncios publicitarios e extrae información del.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Observación continuA e individual basada na observación dos traballos realizados polo alumnado na casa e o traballo levado a cabo ao longo do curso.</p> <p>Exercicios específicos asociados aos diversos obxectivos programados.</p> <p>Revisión, análise e comentarios das actividades e tarefas realizadas na casa.</p> <p>Evaluación cualitativa, é dicir, centrada no proceso de aprendizaxe e non só o resultado.</p>
	<p>Instrumentos: Obsrvacións dos titores sobre a evolución dos seus fillos.</p> <p>Grao de utilización da páxina web.</p> <p>Resolución de exercicios.</p> <p>Observación de acertos e erros nas actividades propostas.</p> <p>Capacidade de autoavaliación.</p> <p>Análise das producións do alumnado (resumos, textos escritos, debuxos, traballos de aplicación e síntese)</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Emprego a 1ª e 2ª avaliación como avaliación diagnóstica, é dicir, previa á 3ª que terá que adaptarse ou axustarse ás condicións pedagóxicas ao servizo da aprendizaxe do alumnado.</p> <p>Posto que o 3º trimestre é un repaso dos dous trimestres anteriores, a cualificación final obterase de calcular a nota media da 1ª e 2ª avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Identificación do concello como órgano de goberno. Funcións do alcalde e os concelleiros. Servizos públicos da nosa localidade. Funcións dalgúns edificios urbanos. Investigación e descrición dos traxes populares, monumentos e costumes da localidade. Debuxo de produtos típicos da súa localidade ou do lugar onde pasa as vacacións. Debuxar sinais de tráfico. Dictar as normas que deben respectar os peóns e os condutores. Obradoiros e fábricas. Profesións das persoas que están ao meu redor. Traballos que interveñen no proceso de produción e distribución dun produto de consumo cotián. Relacionar produto elaborado cos materiais de procedencia. Buscar nos medios de comunicación de masas publicidade consumista e educativa.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Se empregarán materiais, recursos e actividades accesibles. Partiremos dos coñecementos previos do alumnado. Se favorecerá o uso das tecnoloxías de información e comunicación. Se procurará a realización de proxectos que impliquen ás familias. Os temas que surxan do entorno responderán aos intereses do alumnado. Levaranse a cabo actividades de observación, asociación e expresión.</p>
Materiais e recursos	Recursos fotocopiáveis.

Libro do alumno.
Dirección de Internet.
Vídeos.
Materiais e obxectos presentes nos fogares do alumnado.
Coñecementos e tradicións das familias.
Medios de comunicación.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Páxina web do colexio. Dirección de e-mail
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.